

ANO XVII • Nº 499

Do 3 ó 16 de febreiro de 1997

Vintecinco pesos



IRIMIA

REVISTA
QUINCENAL
DE CRENTE
GALEGOS



Con Galicia no fardel

Urru...«¿solo?»

Non imos caer no tópicos de que a violencia sempre é igualmente má, veña de onde veña. A violencia dos poderosos, dos tiranos, da voracidade do bandullo capitalista non é igual cá dos resistentes. Hai revolucións violentas das que un cristián está máis cerca ca do sistema establecido.

Abonda con lembrar que o sandinismo derrocou ó déspota e corrupto Somoza, non sen a colaboración de moitos loitadores cristiáns; o mesmo sucedeu coa guerrilla salvadoreña ou a actualmente rematada guerrilla guatemalteca, saldada cunha amnistía tamén para os matóns que asasinaron no nome do capital e do exército. E ¿quen dubidaría hoxe en non lle prestar atención respectuosa á Fronte Zapatista de México ou mesmo ós Tupac Amaru de Perú, que están levando a cabo un secuestro con bastante máis humanidade cá dun goberno que se impuxo cun autogolpe de Estado?

A violencia etarra non cadra en ningún destes apartados e non goza de ningún creto: soamente ten unha falsa garantía: a da deshumanización dos que din matar en nome do pobo vasco.

Pero que esta contundente condena non oculte que ETA é un problema -tremendo, noxento-, pero non é O Problema, Cando o terrorismo desapareza, principia O Problema de fondo, do que os etarras son sanguíento epifenómeno ou manifestación secundaria. O caso Urrusolo -detención da que nos aledamos-, non é cuestión illada. O Problema non o formula SÓ Eta.

Parece que o voto democrático do pobo vasco está polo dereito á autodeterminación. Ningún demócrata llo pode negar, por máis que nos doia que acaso tras dun eventual referendo saia algo máis: a independencia de Vasconia. Ou Euscadi, denominación que os máis nacionalistas consideran amaño semántico en vez do nome por eles patrocinado: Euskalerría ou País Vasco, que inclúe no seu deseño o territorio vasco-francés, así coma unha Navarra que, na súa maioría, parece non querer saber nada do conto.

Triste e lamentable sería, para nosoutros, a separación, pois os galegos, maioritariamente, non somos arredistas. Pero o único xeito de evitala é que o Estado español perda centralismo e mesmo importancia na nova Europa en favor dunha federación na que cada País -Galicia entre eles-, decida o seu tipo de goberno sen concesións graciosas e esmoleirás de Madrid e se constituía en interlocutora directa diante das institucións europeas nesa forma futura supra-estatal que anda a se configurar.

Cando vemos que bispos conservadores, pero nacionalistas, coma monseñor Setién, ou partidos *católicos* moderados e de centro coma o PNV, son deostados dende Madrid, dánola impresión de que a Moncloa non entende nada e cobre a súa incompetencia e culpable ignorancia baixo un doloroso problema que non é O Problema. O día en que desapareza a ignominiosa presenza do sangue, poida que o asunto se torne menos espectacular, pero no fondo máis irresoluble. Non esquezamos que a Constitución española lle outorga, ¡ó Exército!, a defensa da unidade patria.

Instinto básico Daniel López Muñoz

Nos tempos de confusión, *trasno dixit, ora pro nobis*, hai que aplica-lo instinto, que outros chaman intuición, e mesmo algún ex-director desta revista, emanación dos *cataplínes*.

Os irimegos recoñecemos que moito do que temos de instintivo para andar pola vida llo debemos a esa silandeira sabedoría que deitan os evanxeos, que pouco ten que ver con andrómenas clericais, sectas ó uso, e apropiacións indebidas do relixioso polo poder. Ben ó contrario, aqueles son unha escoliña singular, humilde sementeira de fondos raigaños. Iso é, coma unha boa unitaria de prescolinos que deixas neles para a vida un aquel de querencias de xustiza, de seguridade de ser aceptado, de nostalxia de fraternidade, de noxo pola hipocresía e o medo, e outras inutilidades desas pasadas de moda e por iso tan actuais, que son a base daquel instinto, un instinto básico, olfativo: detecta a quilómetros o cheiro a podre da trola manipuladora, por máis colonia nacional-católica que se bote.

Así, por dicir algo, o instinto básico é útil para peneirar, a partir da experiencia concreta e non da imaxe da prensa e televisión do réxime, quen é vezraz en período preelectoral. Por exemplo os pepes seica aceptaron pletóricos de entusiasmo o

galeguismo de superpepe O'Cuíña. Pero eu teño unha amiga que me contou que esoutro día estes mesmos pepes gobernantes a invitaron a falar a un congreso en Compostela destes que anuncian en galego en folletos tan luxosos coma lixosos, e como seica había algún participante foráneo, mandáronlle pasarse ó universal, digo ó castelán. Aplíquese instinto básico e tírense conclusións.

Aplíquese o mesmo instinto ás declaracións do patrón e compañía desprezando olímpicamente a tractorada porque disque non se moveran 10.000 tractores, senón a metade ou menos. Como se tal mobilización, motivación, organización fose cousa doada, ... que llelo pregunten ás mangoneantas das súas mulleres rurais, forradas de apoio político e cartos europeos, o que lles custa mobilizar ¡a gastos pagos! ó persoal para cantarlle as mañanitas ó político subvencionador en tanta *espontánea* homenaxe de desagravio, louvor e agradecemento, que llelo pregunte, que llelo pregunte, a ver se elas daban mobilizado a tres ducias de tractores sen paparota nin cheque para o gasoil.

Outro día, se non nos pega a risa tonta incontrolable, falaremos do galeguismo electoral do PSOE de G.




FEITO EN
PAPEL RECICLADO

EDITA: Empresa periodística A IRIMIA

DIRECTORA: Carmen Puente Fernández, 15705 C/ Pombal, 30 (Santiago Telf.: 585330).

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Muñoz, Xosé Chao Rego, Carmela Capeáns Leis, Mariano Guizán Sánchez, Luciano Pena Andrade, Manolo Regal Ledo, Sara Paz Quiñones, Luis Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Xosé A. Miguélez, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tereixa Ledo, Colectivo "A Reila" (Antonio Fdez. Oca, Eliseo Miguélez, Constantino Mariño, Tonecho Meixide Fdez.) Anxo Moure Mosquera, Francisco Carballo, Tintxu, Pepe Coira, Mario Cambeiro, X. M. Lema Suárez, Manolo Sordo Villar, Fco. Lorenzo Mariño, Lois Ferradás, Madó Domínguez, Xesús Ferro Ruibal, Moisés Lozano Paz, Clodio González Pérez, Manolo R. Bermejo.

SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN: Apdo. 980 - Santiago de Compostela

Telf.: 981 - 59 01 42 (De 3 a 5). Subscrición Ordinaria: 2.500 pts. Real: 3.000 pts. De. Apoio: 5.000 pts.

CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana nº 8 - Santiago

Caixa Postal CC/1302-6000-83-0017905488

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81

IMPRIME: Graficolor MINERVA

Imos falar do noso

Tucho (fillo): ¿Que, papá, que che pasa?; véxote moi achicado esta tempada. Non andas ben ¿ou?

Marcelo. E ti, ¿como andas? Hai moito tempo que non falamos con calma. Imos e vimos, entramos e



Alguén falando con outro, outros.

Marcelo (pai): Pois, se che digo a verdade, non ando moi ben, non. E non sei que me pasa, pero non ando moi ben. Non me debería queixar; teño todo aquilo que supostamente pode facer feliz a unha persoa, pero non sei que demo é isto, que che pasan coma unhas ondas de friaxe e de morriña que te deixan aquelado.

Tucho: Terás tamén a «depre», que está tan de moda. Pero eu non te vexo a ti coma home de «depre», papá. Ten que ser algo distinto. Serán os anos, que vas indo vello, e o xenio xa non che vai dando para tanto, e...

Marcelo: Non sei. Sexa o que sexa, agradázoche a preocupación que tes por min. Eu entendo que na vida hai que saber vivi-los momentos de euforia e os momentos baixos; estes quizabes son os momentos baixos. Pero, ó tempo, síntome ben feliz vendo que hai alguén cabo de min, que me olla, que me entende e que se esforza por estar ó meu lado. Gracias, Tucho, gracias.

Tucho: Non me tes que agradecer nada, papá, para iso son o teu fillo; e, anque por veces son un toleirán, ben sabes que che teño lei, e que faría calquera cousa por te ver a ti feliz, e á mamá tamén, e á avoa, e á repugnante da Silvia tamén.

saímos, dúas palabriñas agora outras dúas despois, pero ¿non che parece que sabemos pouco un do outro?

Tucho: ¡Bah!, non hai queixa. Teño os meus problemas, pero vou tirando. Hai cousas da casa que non me gustan, hai cousas dos estudos que non me gustan, non estou tranquilo co tema das rapazas, ponme algo de medo iso de me facer home...

Marcelo: ¿Que che parece, se nos dispoñemos e cada semana buscamos un par de horiñas polo menos para dar unha volta por aí e conversamos?, ¿aceptas?

Tucho: Acepto. Pero non quero rollos, ¡eh!

Marcelo: Non os has ter, asegúrocho. Xa está ben de tanto querer amaño-lo mundo, de tanto amaño-la Igrexa, e non lle botar un pequeno arreglo á propia casa. ¿Empezámo-lo sábado?

Tucho: Por min empezamos, pero ¿hámosllo dicir á mamá?; hase aborrecer se nos dispoñemos a falar e non contamos con ela.

Marcelo: Non se aborrece, non; e ademais non te preocupes, que ela non pasa sen se acabar metendo no asunto. O caso é empezar.

Anbrindo camiños

Domingo 4 do tempo ordinario

Mc 1, 21-28 -- 2 de febreiro
Xesús empeza a súa tarefa. Fala e actúa. Fala con peso, con autoridade; a xente quedaba pampa escoitando os seus falares sinxelos e contundentes. E actúa con decisión en favor da xente estragada e dominada. Así se manifesta fillo e entrañado con Deus. O seu camiño é a nosa bendición, a nosa sorte, a nosa liberdade. O seu camiño é tamén, ata onde nos dean as forzas, o noso mesmo camiño.

* * *

En loita con Xesús

Domingo 5 do tempo ordinario

Mc 1, 29-39 -- 9 de febreiro
Xesús contra os demos. O espírito do ben contra o espírito do mal. O que libera, aleda e dignifica contra o que escraviza, entristece e asoballa. Xesús foi un loitador incansable; sabía mestura-los tempos de actividade curadora e liberadora cos tempos mainos de oración e de soidade. Nós tamén andamos tras del para beneficiarnos do seu labor. Ó seu servicio nos poñemos para que todos poidan disfrutar dunha vida densa e feliz.



TERESA DE CALCUTA, que aparece na fotografía algo máis nova, deixa o dous de febreiro a dirección da súa orde, fronte a outros gobernantes, que non abandonan ata que os levan por diante

a morte ou un proceso de deterioro sen cura. Ieltsin, por exemplo, está a pór o seu país nun camiño sen saída, debido a deixación de funcións pola enfermidade. Tódalas constitucións contemplan a saída digna dun mandatario, como fixera De Gaulle, despois do aviso das manifestacións do sesenta e oito. Tamén a Igrexa rexistra a renuncia de dous papas: Celestino V, século XIII, que se retira a un mosteiro e Gregorio XII cando o Cisma de Occidente, obrigado por un Concilio.



A FOLGA E AS MANIFESTACIÓNS que desde hai máis dun mes vive Corea do Sur son unha mostra máis da represión que sofre o país sobre todo dos dereitos sociais e laborais dos estudantes e dos traballadores a pesar da bonanza económica promocionada e protexida por Xapón, U.S.A., etc, que agora xa ven neste país de Asia un competidor. Os máis pequenos salarios para moitas horas de traballo, prohibición de asociación e de creación de novos sindicatos, cadea para os seus líderes..., falan ás claras dunha política autoritaria e represora. Na fotografía un traballador préndese lume, lembrando a aquel outro que xa se queimara vivo hai agora vintecinco anos como protesta laboral.

FENOSA acaba de ser desautorizada pola Federación de Concellos e polo Valedor do Pobo debido á falla de suministro eléctrico sufrida no intre máis frío deste inverno. Xa non consideran que sexa un servizo público o que está a facer esta empresa, agora en Madrid, e que foi gabada como «moi nosa» na dictadura e noutros tempos de Fraga, como neste encontro de hai máis de dous anos rexistrado nesta fotografía. Fenosa só quere investir nos grandes centros de consumo esquecéndose da nosa xeografía tan dispersa pero tan rica en enerxías, e iso a pesar das subvencións que está a recibir polo Plan Mega e Sogama.



O RAMADÁN é un tempo de penitencia que están a vivir os musulmáns nestas semanas, tamén os que viven en Galicia. A meirande parte, cidadáns do norte de África adicados á venda ambulante polas nosas feiras e cidades; os menos, como Ghaled Jaber, ó que vemos na ilustración, profesionais ou empresarios. Estamos a falar do creador da «Fundación Araganey» de Santiago, con grandes investimentos en varios sectores: hostelería, construción, produción videográfica e dobraxes, etc.



E ti ¿con canto contribúes?

Hai uns 706 irimegos -bastante máis da metade dos subscritores-, que pagan pola súa subscrición anual pola revista a cantidade de 2.000 pesetas. Agora ben, o prezo real de cada subscrición é o de 500 pesetas máis: 2.700 pesetas aproximadamente. Quere dicirse que por mor desa baixa contribución á revista, esta perde diñeiro e vive un relativo perigo de desaparición, pois cada número leva o gravame dun déficit aproximado de 40.000 pesetas.

De ningún xeito queremos que ninguén deixe de recibila por motivos económicos. Pero tamén somos conscientes de que hai irimegos que, moi afectos ó noso movemento e á Asociación Irimia, e sen dificultades económicas, xenerosos cando de axudar se trata, seguen contribuindo á suscripción con 2.000 pesetas. Temos que sospeitar que se trata da forza da inercia. Por iso...

Este ano imos subi-lo prezo da revista para que quede na situación case que real de gastos, que é a dun mínimo de 2.500 pesetas. Se alguén non puiden soste-la súa subscrición e lle segue interesando Irimia, que tome as medidas que considere convenientes para seguir coa mesma cota.

A maior parte dos novos subscritores están apuntándose á cifra de 3.000 pesetas, que cobre gastos e compensa algo a perda económica.

Hai quen se decide a ser protector con 5.000 pesetas. Graciñas por tal solidariedade.

Lembrede: para o próximo número, que fai o 500, enviade cartas de 10 a 15 liñas coa vosa valoración crítica.

IRIMIA




O PERÚ segue a sufrir-lo autoritarismo de Fujimori desde o noventa e dous, e que el e o seu partido queren perpetuar ata polo menos o dous mil dez mediante **c a m b i o s** constitucionais que

permiten a súa reelección ata tres veces, e sempre ás costas da oposición, o que está a converter este país nunha das capitais occidentais da violación dos dereitos humanos. A pobreza é cada día máis arrepianante e acada case un oitenta por cento en Lima que medrou en menos de sesenta anos de seiscentos mil a oito millóns de habitantes.



A UNIÓN DAS CADEAS DE ALIMENTACIÓN do noso país: Gadis, Froiz, Vegonsa, Claudio..., é unha das teimas do empresario Roberto Tojeiro, motor da primeira firma e que aparece na fotografía recibindo o agasallo de «empresario do ano», para poder competir coas multinacionais que cada vez teñen máis forza. Este loitador das Pontes é o representante de IFA en Galicia e hoxe controla máis de cen

Gadis e trescentos «Únicos» e unha ducia de Cash. Entre Claudio da Coruña, Vegonsa de Vigo e Froiz de Pontevedra e todo o entramado de Tojeiro facturan ó ano máis de douscentos mil millóns de pesetas.



«TERRA E ARAME FARPADO» co subtítulo: «Ezequiel Ramón, voz dos excluídos» publicado en São Paulo, é unha mostra do espírito dun crego asasinado no Brasil hai doce anos e que segue a se-la voz dos sen terra. Outro libro que acaba de saír: «Como un diamante» que son os escritos doutro crego: Dalmantino García (Editorial Nueva Utopía. Madrid) que morreu de cancro hai ago-

ra dous anos (o día nove), que traballou na Andalucía dos pobres, marxinados, xornaleiros... Dous libros de cabeceira para esta Coresma que estamos a comezar, sen esquece-lo «diario íntimo» de Moncho Valcarce que nos deixou un primeiro de febreiro de hai catro anos.

A PESCA DA LAMPREA en ríos coma o Miño está no seu furor, mesmo con problemas cos seus veciños portugueses que se rexen por outras leis para eles desfavorables. A lamprea vive preto das nosas costas e neste intre



introdúcese polos ríos: Miño, Ulla, Tea, etc., para reproducirse, que é cando estes pescadores van na súa busca cos coñecidos aparellos dos voitiróns; unha vez que fixeron a desova xa non se poden comer, debido a que perden toda a carne. Teñen sona as do Miño entre Salvaterra e Arbo que celebran a súa festa por abril, cando remata a súa tempada.

«AS MÁSCARAS» é unha acuarela de Xosé Lodeiro, o «pintor de Vigo», que nos deixou hai uns meses e que hoxe queremos lembrar neste tempo de festas populares. Un creador sempre enxertado nos latexos do seu pobo, solidario e voceiro das reivindicacións dos máis magoados: obreiros e asoballados... O Entroido leva tamén unha forte carga de crítica e denuncia da inxustiza, sobre todo dos poderes e sistemas que ás veces fan calar o sentir da sociedade que neste tempo estoupa en «sermóns de entroido», queima de «monecos de palla», máscaras, escenas teatrais, etc.



A PATACA con tantos adubos como atura apadriñou moitas xuntanzas e acordos políticos, pero creou nesta tempada dores de estómago a máis dun dos xefes do PP, debido ás reivindicacións dos labregos da Limia que, á fin, acadaron algúns dos seus obxectivos, deixando patente a división entre os que comandan o partido no poder en



Ourense. A pataca que chegou desde Perú ós nosos lares era coñecida no século XVII como «castaña mariña», e axiña foi converténdose en convidada de honra de varias das nosas comarcas: Limia, Terra Cha, Bergantiños, Soneira, etc.




SARGADELOS

**GALERIAS DE ARTE
LIBROS
CERAMICA**

- * 27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41
Fax: 982 - 55 78 04
- * O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléfs.: 981 - 62 09 37 / 62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
- * Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 / 58 18 88
Fax: 981 - 58 18 88
- * Provenza, 274
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 01 79
Fax.: 93 - 215 01 79
- * Zurbano, 46
28010 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30
Fax.: 91 - 310 48 30
- * Habana, 20
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26
Fax: 988 - 37 09 28
- * Dolores, 55
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14
Fax: 981 - 35 37 16
- * Pza. Sto. Domingo, 4
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04
Fax: 982 - 24 49 13
- * Dr. Cadaval, 24
36202 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50
Fax: 986 - 22 04 74
- * Albareda, 17
41001 SEVILLA
Teléf.: 95 - 421 67 08
Fax.: 95 - 421 67 08
- * Vía A. Volta, 20
MILANO, 20121
Teléf.: 02.657 58 99
Fax.: 02.657 58 99

POLÍTICA

A lei maila trampa



Por Tintxu

O rebumbio montado ó redor dos 200.000 millóns que deixou de arrecada-lo Ministerio de Facenda recórdanos moitas reflexións populares sobre a lei e maila trampa. Sen nega-la gravidade do caso, podemos lembrar outros múltiples escándalos máis ou menos parecidos, tamén de actualidade nestes días: os miles de millóns enterrados en Rumasa (antes e despois da expropiación), en centos de crebas que todos sabemos fraudulentas.

O problema é que na meirande parte destes casos non hai probas dos feitos realmente sucedidos ou ben a lexislación vixente deixa múltiples posibilidades de escape. De feito os dirixentes do PP e do goberno tiveron que acabar confesando que non podían actuar legalmente contra os presuntos responsables da desfeita nos gobernos socialistas.

Calquera cunha mínima experiencia de relación coas diferentes administracións públicas podería citar múltiples exemplos parecidos. Un recorda o comentario mordaz -non se sabe con que fundamento- sobre o aprezo que tiñan os litigantes contra un importante concello galego pola figura do avogado desta corporación: de boa ou mala fe, o interesado chegaba a esquecer que tiña que facer este ou aquel trámite, de xeito que o concello sempre perdía os litixios (algunha parte contraria tería mesmo agradecido con agasallos este proceder do letrado).

Ata tal punto son as cousas así que na sabedoría popular existe mesmo un refrán que fai alusión ás vantaxes que a administración outorga ós amigos e mailas dificultades que lles pon ós adversarios. Segundo tal dito, a lexislación vixente sería para aplicar ós indiferentes. Se realmente a actual administración do Estado quere romper con esta mala imaxe non é cunhas denuncias como a citada como vai resolve-lo problema: máis ben vai reforza-la desconfianza dos cidadáns con tal tipo de manifestacións, se non consegue ó mesmo tempo coutar de raíz males semellantes.

Temos moi preto de nós un exemplo significativo. Desde hai anos existe o problema das limitacións á produción de leite, establecidas desde a Unión Europea. O PP sempre denunciou que eran abusivas, debidas á mala negociación dos socialistas, pero que había que acatalas. Así o proclamou tamén desde o goberno central e desde a Xunta, malia as reiteradas protestas dos afectados. Pero, de repente, cando se ve medra-lo movemento de protesta, resulta que as multas inevitables para tódolos pasados de cota (mesmo con cómodas prórrogas dos pagos) fanse agora perfectamente salvables, sen infrinxi-la lexislación europea, española nin galega. Se a cousa é tan evidente ¿como non se decataron e evitaron tantos cabreos? ¿Ou é máis ben que quen fai a lei tamén fai a trampa?

O goberno e mailo PP perderon unha boa ocasión de demostrar a súa capacidade de demostrar competencia e limpeza na administración dun problema tan sensible en Galicia.

De Guatemala a Perú

No pasado decembro dous feitos acaparraron as noticias nos medios de comunicación: o acordo de paz entre a guerrilla e o Goberno de Guatemala e o secuestro de 400 persoas na Embaixada de Xapón en Lima. O acordo de paz ambientou as festas do Nadal, sobre todo para os guatemaltecos, mentres que o movemento guerrilleiro Tupac Amaru recuperou un protagonismo, sobre todo informativo e propagandístico por todo o mundo e evidenciou a denuncia da pobreza e dos malos tratos por parte do goberno de Fujimori, de dubidosa lexitimidade democrática.

A paz en Guatemala

O proceso negociador de Guatemala hai que contextualizalo nos acordos de Esquipulas, un plano de acción global subscrito por todos os países centroamericanos, a partir de 1986. As negociacións foron frustradas continuamente polos distintos dictadores e avatares políticos de Guatemala. A chegada á Presidencia de Álvaro Arzú, en xaneiro de 1996, deu o impulso definitivo á paz, un proceso negociador que xa comenzara no ano 1994 en México e que culminou en decembro de 1996 cos acordos definitivos sobre reformas constitucionais e réxime electoral, en Estocolmo e co acordo sobre a reinserción da Unidade Revolucionaria Guatemalteca (URNG) á vida civil, en Madrid.

Co citado acordo ponse fin a unha guerra civil que perdurou durante 36 anos. En 1954 un grupo de xoves oficiais do exército rebelouse contra a dictadura militar que se instalara no país, tras un golpe de Estado patrocinado pola CIA norteamericana. No ano 1962 naceron distintos grupos armados, que conflu-

rán no ano 1982 nun só grupo, o URGN. Os enfrontamentos armados deixan atrás máis de 100.000 mortos e 40.000 desaparecidos, así como un millón de desprazados. A maioría das vítimas foron civís das comunidades indíxenas do norte e o oeste do país, que se converteron nas principais bases de apoio á guerrilla.

A guerra serviu para que agromasen grandes desigualdades sociais no país. Saudamos



Grupo de gurrilleiros do MRTA adestrándose na selva peruana.

este acordo de paz que completa a pacificación de Centroamérica, aínda que subsisten moitas desigualdades e inxustizas, o que fai que o conflito poida estalar de novo, nos países centroamericanos. Agardamos que sirva de exemplo para outros movementos máis terroristas, que nos están rodeando a cotío, no noso país.

A loita democrática, na defensa dos dereitos das persoas e dos pobos é moi ardua, pero é unha loita limpa, digna e respectuosa. Todos debemos poñer o máximo interese para favorecer o diálogo, a paz, a tolerancia e a resolución pacífica dos conflitos.

A tensión en Perú

O pasado 18 de decembro un comando de guerrilleiros do movemento denominado Tupac Amaru secuestrou a 400 persoas, entre as que figuraban civís, diplomáticos, militares, ministros, etc. foron liberando progresivamente a unha grande parte dos secuestrados na Embaixada de Xapón en Lima. As esixencias son as de liberación de 400 presos do movemento citado, que están nos cárceres de Perú en situación penosas e que denuncian os secuestradores. Tamén denuncian a situación de pobreza e inxustiza que sofren as clases máis humildes do país.

A situación parece ter moi difícil solución. En xeral, a opinión internacional adoita a considerar a este grupo guerrilleiro como pacifista, menos violento, en certa maneira, en contraposición ó outro movemento denominado Sendeiro Luminoso.

De tódolos xeitos a privación da liberdade para un colectivo de persoas, sexan da condición que sexan, non é xustificable. Poderemos comprender que é a situación dun dictador como Fujimori e, en xeral, a situación de inxustiza, que afecta a moitos países de Latinoamérica, é a verdadeira causa de todos estes movementos, pero iso non conleva a defensa das súas estratexias.

Esperamos unha solución dialogada e que este feito axude a que os peruanos de toda condición poidan mellorar na defensa dos seus dereitos e liberdades e que a xustiza e o diálogo pasen a recuperar o protagonismo das noticias informativas.

Moisés Lozano Paz

IRIMIA

Encontro na Pascua

Irimia convoca como en anos anteriores unhas xornadas de convivencia comunitaria e oración nos días da próxima Semana Santa. O lugar é Touro, na casa rectoral. As datas do encontro son do mércores santo á tardiña ata o domingo de pascua ó xantar.

Terán o mesmo estilo que xa vén facendo tradición: autoxestionado e autofinanciado; con espazos e tempos para o silencio persoal, para o intercambio no grupo e para compartir co resto da parroquia. Admítense xentes de tódalas idades.

Animará este encontro de Pascua Xosé Antón Miguélez.

Por necesidade de programación a data límite para anotarse -agás causa de forza maior- é o 10 de marzo. Convén, logo, facelo con tempo en calquera dos seguintes teléfonos:

986- 480262 (preguntar por Francisco ou Chon)

981- 675205 (preguntar por Ana).

Tamén adiantamos que o encontro de verán deste ano será do 14 á tardiña ata o 19 de agosto, animado por Pilar Wirtz. De segui-la progresión de participantes dos últimos anos, habería que desdobrar e facer dúas convocatorias. Para planificar todo isto axeitadamente convén comunicar canto antes a intención de asistir a estes mesmos teléfonos.

Con Galicia

Carlos Rodrigues B

Na casa de Pili e Mariano, irimegos eles, tivemos ocasión de falar co profesor Carlos Rodrigues Brandão, un antropólogo brasileiro que imparte as súas clases na UNICAMP, a Universidade de Campinas. É especialista en relixiosidade e educación popular. Segundo nos conta, sempre lle in-

teresaron tres temas: a antropoloxía da sociedade agraria, as culturas negras e a antropoloxía da relixión, que o atraeu con máis forza. Tamén nos informou do seu traballo de investigación en Galicia e de como se ven dende fóra experiencias coma a Romaxe.

¿Xa viñeras a Galicia hai catro anos, non?

Si, daquela estiven dez meses e agora catro. Estiven facendo unha investigación en comunidades rurais, concretamente en Brión, na parroquia de Santa María de Ons. Quería observar un sentido de vida que se perde, a vida aldeá. Porque Galicia ten un dos seus pés na tradición, na Galicia ancestral, nas festas e outro na modernidade: Comunidade Europea, cotas de leite, ordenadores. O meu obxectivo era intentar comprender como se vive isto en Galicia dende o punto de vista das persoas.

Iso de ter un pé aquí e outro acolá ¿que consecuencias leva consigo?

Non é un fenómeno exclusivamente galego. Trátase de culturas que viven un momento de rapidísima transición. Considereino non tanto dende o custo que supón senón dende o modo en que o viven as persoas. Por exemplo, unha muller que un día vai á festa de San Xurxo, en Gonte, marcada por tradicións ancestrais e ó día seguinte está traballando cun ordenador.

MODERNIZACIÓN MAL ENTENDIDA

En Galicia uns poucos pensan que cómpre facer unha ruralización de Galicia e o resto, que hai que segui-lo ritmo que marca a cidade. ¿Como percibiches ti isto,

¿dado o custo humano, o desarraigo que produce en Galicia?

Podo responder non só en termos galegos senón universais. A modernización, que implica unha urbanización, un vivi-la vida dende a cidade, parece un fenómeno irreversible. Creo que, a medio e longo prazo é un camiño suicida, con altísimos custos de destrución de ecosistemas irrecuperables. En Galicia é doado ve-las consecuencias dunha economía predatoria que racha co equilibrio ecolóxico e mais

Si, e unha relación harmónica coa natureza. Eu penso que, por exemplo, o investimento de miles de millóns para produci-lo leite polo que despois hai que pagar unha multa é un sinal dun desequilibrio perverso. E pasas a Marrocos ou Etiopía e ves que a xente morre ó careceren das cousas polas que aquí se paga unha multa. Pensando en termos máis amplos, dicir que hai que modernizar, importar tecnoloxía punta... son palabras inútiles, porque aí están os países máis industrializados con desequilibrios e problemas sociais increíbles. A pobreza nos Estados Unidos sitúase arredor do 20%.

Teñen 40 millóns de pobres de solemnidade, cando hai tres anos eran 25.

Si, ese é o custo, nun país que consome o 37% das enerxías non renovables do mundo, sen pensar nas xeracións vindeiras e xerando, desequilibrio, violencia, miseria...

En todo caso, modernización non equivale a urbanización. O campo ten que ser modernizado, non fuxir del, porque ata agora todo se encamiña non só á destrución do ser humano, senón tamén da natureza.

Si, tamén do ser humano. Se xeras un mundo futuro de moitos Madrid, París, Nova York ou México D.F. con 19 millóns de persoas alí metidas ¿que facemos? ¿Por que acepta-la idea fa-



De dereita á esquerda: Mariña, Pili, Carlos Brandão, na casa de Bertamiráns.

coa relación entre o ser humano e a natureza. Creo que unha solución sería o redescubrimiento non só dunha vida rural, senón dunha vida a pequena escala.

HARMONÍA COA NATUREZA

Cómpre, xa que logo, busca-lo equilibrio.

no fardel

andão, antropólogo

talista de que modernización ten que ser cómplice de todo isto? ¿Por que non pensar que podemos navegar por Internet pero subordinando esa modernización a unha vida en pequena escala, máis harmónica coa natureza e entre as persoas?

¿Que fas nesta segunda visita a Galicia?

Estou poñendo no papel o resultado das investigacións feitas hai catro anos. Elaborei un traballo que se vai titular *Crónica de Ons*. Sería a miña antropoloxía de Galicia feita dende a parroquia de Santa María de Ons. Intento ve-la relación entre tradición e modernidade, entre vida a pequena e gran escala, esa experiencia de vida nunha aldea coma Ons. Outro traballo máis romántico que se vai chamar *Aldeas*, é unha escolla de fotos que fun facendo por toda Galicia cunhas crónicas miñas, xa non antropolóxicas.

¿Por que escolliches Galicia para o teu traballo?

Eu ía traballar no País Vasco cando uns amigos empezaron a contarme que aquí se daba esta relación íntima entre unha vida nas aldeas a pequena escala e outra modernizada moito máis intensa. Tamén pola cultura tradicional e pola súa vivencia cotiá, moito máis marcada e forte ca noutros sitios. E así mesmo, pola rapidez da transformación que está vivindo a súa paisaxe, pola explotación gandeira e madeireira. Ademais, nunha mesma casa podes pasar do século XVI ó XXI con só subir unha escaleira. Das cortes do gando a Internet.

En Brasil colaboras en varias experiencias relixiosas.

Eu fun de Acción Católica, da que xurdiron cousas á dereita, pero tamén á esquerda como as Comunidades Eclesiais de base, os Círculos Bíblicos, a Teoloxía da Liberación, a evanxelización inculturada etc. Pertencín á Xuventude Universitaria Católica e agora formo parte dun grupo ecuménico. Isto hoxe é moi común: case tódalas experiencias católicas máis avanzadas e ligadas á Teoloxía da Liberación en Brasil, son ecuménicas, católicos e protestantes xuntos. Tamén colaboro con dióceses católicas vencelladas a este tipo de teoloxía.



Os entrevistadores (Quiñones-Aldegunde), traballaron a mantido.

A IGREXA EN GALICIA

Ti estiveches en contacto con Luciano e Mariano, irimegos, con outros cristiáns arredor de Irimia e Encrucillada, ¿chegaches a algunha percepción da Igrexa galega?

Cando cheguei a Galicia quixen ver quen serían os meus irmáns de destino. E por casualidade en Negreira e Brión atopei a Mita e Luciano, de Irimia, Encrucillada, a Amancio. E xa sentín unha identificación moi grande. Aquel ano 92 asistín á Romaxe das Ermitas. Eu nunha reunión de Encrucillada ou Irimia síntome moi en

consonancia co que facemos en Brasil, coa diferenza de que aló estamos nun ambiente moito máis ecuménico. Por exemplo, o primeiro teólogo da liberación, Ruben Alves, é presbiteriano. Nun dos capítulos do meu libro fago unha etnografía da romaxe de Irimia, despois de analiza-lo culto a santa Minia en Brión.

¿E como percíbiche-la romaxe de crente galegos?

Debo responderche de dúas maneiras: como cristián e como antropólogo. Como cristián impresionoume moito. É unha espiritualidade aberta, especialmente centrada nunha experiencia de ser galego pero tamén cunha vocación universalista coma dicindo «este é o noso xeito de ser cristiáns». Como antropólogo chamoume a atención esa experiencia case druídica ou máxica de face-las romaxes en lugares sempre naturais. Esa tentativa de inculturar a experiencia do evanxeo coa natureza.

Nese ecumenismo tamén entran os afrobrasileiros

Claro. Eu escribín un artigo que se titula *O rostro do Deus do outro*, un artigo sobre os misioneiros, moitos deles españois, que traballan nesa evanxelización inculturada, e que algúns asociaron a unha teoloxía da liberación inculturada. Sería traer a Teoloxía da Liberación para o campo dos misioneiros que traballan con comunidades negras dos afrobrasileiros ou con indíxenas. Trátase desa relación ecuménica, de respecto, de sentirse irmán do outro.

Pepe Aldegunde Quiñones.

O casamento dos paxariños

Meu avó sabía moitos refráns. Entre outros varios, os que máis adoitaba dicir sobre o mes de febreiro, eran estes:

- *Pola Candeloria, a metade do inverno vai fóra.*

- *Polo San Brais, hora e media máis.*

Ámbolos dous teñen razón, pois en chegado o dous de febreiro -As candeas- alá vai a metade do inverno, xa que dende o 21 de decembro pasaron 43 días. A metade xusta sería o catro.

O do San Brais tamén se cumpre, porque os días xa levan medrando dende o pasado 21 de decembro, e por esta época son máis grandes, ata unha hora e media máis de luz.

O casamento dos paxariños

Sendo neno o que máis me gustaba é o que se refire ó casamento dos paxaros:

- *Pola Candeloria, casan os paxariños e vaise a galiñola.*

Meu avó non coñecía a galiñola, unicamente sabía que era unha ave que vivía onde había moita auga, pero como onde eu nacín os ríos (o Miño e o Avia) quedan lonxe, el nunca a vira. Cando volvía de traballar nas viñas sempre nos contaba que estivera vendo un, dous, tres,... ou máis casamentos de paxariños. El non adoitaba dicir paxaros, sempre facía uso do diminutivo «paxariños».

O bo tempo -e, aínda que non sexa tal, xa hai máis luz solar-, anima ás aves a empezar cos primeiros galanteos e mesmo tamén a que xa os machos rechouchíen arredor das femias, tendo lugar as primeiras

galaduras. Logo vén o labor de procurar un lugar axeitado e seguro para face-lo niño.

Meu avó era moi respectuoso cos paxaros. Nunca desfacía un niño, aínda que ás veces non estivese no sitio máis axeitado. Tampouco lles decía ós netos onde se atopaba, porque sabía que axiña andariamos nos ovos e os pais non volverían a el.

Unha vez dei cun de nabiñeiro (verderolo). Agardei a que nacesen as crías e logo collín unha caixa e metinas dentro, pero deixei na no mesmo lugar, enriba dunha parra de cepas do país moi vellás. El tamén sabía daquel niño pero non me quixo falar del. Por certo, non lle gustou que collese os paxariños, non xa porque me podían pega-la tiña, caéndome logo o pelo, senón por sacalos do seu niño. Os pais-nabiñeiros seguiron coidando dos seus fillos e, cando un día pretendín metelos nunha gaiola, xa non estaba máis que o niño: fuxiran todos.

O cariño polos paxaros herdouno meu pai, que segue a mesma táctica cos netos, dicíndolles onde están os niños pero cando xa voaron os pequenos.

Miña avoa, pola contra, falaba pouco dos paxaros, pero en chegando a Candeloria non deixaba de ir á igrexa a beizón das candeas, sempre coa súa vela, que logo prendía cando



había tronada. O tres, celebración do San Brais, tamén ía, pero cun molete de pan, que se bendicía e ó chegar á casa comiamos entre todos para non ter doenzas de gorxa ó longo do ano.

Había outra data do ano que meu avó tamén vencellaba moito cos paxariños: era o Xoves Santo. Pero, a diferenza da Candeloria, era un día triste, tanto que nin os paxariños se atreven a piar, e menos aínda a cantar.

Non quero que se perda a tradición: o dous de febreiro darei un paseo polo monte para ensinalles ós meus fillos cómo casan os paxariños, mentres escoitámo-los seus rechouchíos amorosos.

Clodio González Pérez

11 xaneiro 1997

CARTA DEL DOMINGO

Dende hai anos recibimos a follíña «Carta del Domingo» que nos manda o noso bo amigo Xosé Vega, cura de Monachil, Granada. Xa vai no número mil dende o ano 75.

Non podo deixar de mencionala nesta misiva a Irimia dende Madrid, porque recibir esta follíña é recibir a Boa Nova coma frescura que fai *avivecer* a mensaxe de Xesús nestes tempos de letargo e monotonía que se vai escoitando en tantas igrexas. Espállase por comunidades de base e parroquias de Andalucía. A súa importancia é que serve coma testemuña para grupos e comunidades vivas daquela terra.

En catro páxinas dá conta da mensaxe de Xesús para o domingo cos seus comentarios, do vivir das comunidades, do acontecer da Igrexa no que toca principalmente á liberación dos pobos.

Desexámoslle, non mil semanas, senón mil primaveras máis con posibilidade no medre de ser testemuña do acontecer da vida de «El Andalus».



GALICIA EN MADRID

Temos que levantar acta da presenza da problemática galega durante o ano 96 na capital dos Madriles. ¿Por que Galicia coma xigante, e dando a cara, estivo tan presente en Madrid durante este ano pasado? ¿Que pasa



que os galegos, co sanbenito de caladiños e sufridos e coa forza só para emigrar, espertan do seu sono e veñen aquí berrar?

Galicia Mariñeira

Era o problema do Fletán, da redución dos caladoiros, do número de barcos. Os galegos mariñeiros da beira de moitas léguas da mariña, afeitos no labor arriscado do mar e no constante da ribeira, non desmerecían reclamando os seus dereitos no seco.

Galicia Labrega

Era e segue a

ser a cota do leite e problema. «Mira que ten que lle digan, que nos multen por traballar...» Milleiros e milleiros de labregos foron chegando ó centro de Madrid. Pecharon practicamente a Cibeles. Á media mañá autobuses de Galicia foron embotellando a Gran Vía, Alcalá, Paseo do Prado. Percorreron a rúa Alfonso XII dende a Porta de Alcalá, neste caso tamén testemuña, ¡quen llo ía dicir!, da loita de Galicia, ata Atocha. Alí falaron tódolos representantes dos sindicatos labregos como se fose na Quintana. ¡Alucinabamos! ¿onde estaba a Galicia irredenta, atrasada e submetida?

Galicia Industrial

Tamén estivo As Pontes diante da casa de Endesa na rúa Conde de Peñalver...

¿Que pasa con Endesa?. Xa está acabando de zugar a enerxía, o sangue dos obreiros, a vida do pobo e hai que ir preparando os ánimos para levantar os trebellos e deixar todo para os paxaros. Xa non é rendíbel. Os millóns fuxiron. Galicia destartalada. Os aramios estaban ben instalados para levar a enerxía para fóra.

¿Por que?

¿Por que esta presenza de Galicia en Madrid? ¿Por que é máis caro ir a Bruxelas? ¿Por que as campás soan máis en Europa se se tocan dende Madrid que dende Santiago? ¿Quen negocia os nosos produtos, quen defende a nosa industria? ¿De que feira se trata? «A vaquiña polo que vale. Galicia non espera pola desfeita».

Internet: un negocio sen dono

Internet está en boca de todos, aínda que poucos o entenden. É unha inmensa rede universal e descentralizada, sen dono nin controladores, de baixo custo, formada actualmente por uns 4 millóns de ordenadores e 50 millóns de usuarios. Xa é multitudinaria en Estados Unidos e esténdese vertixinosamente por Europa. Por ela circula unha cantidade incalculable de información: as estatísticas sinalaban que se duplica cada ano e medio. En España os expertos falaban de 100.000 usuarios, cando terminase o ano e a desorbitada cifra de 4 millóns no ano 2.000.

Din algúns que Internet vai se-lo medio de comunicación do próximo século. Outros, que cambiará o concepto presente da nación-Estado. O famoso Bill Gates ousou comparalo coa nova febre do ouro, onde os máis rápidos e os máis enxeñosos teñen a oportunidade de facer fortuna sen demasiado esforzo. Pero de momento, a Rede, como se adoita denominar Internet, serve para cousas concretas:

- * canle de información; todo ten cabida na *World Wide Web* (A Tearaña Mundial); dende xornais e libros, pasando polas homilías do Papa, ata consellos sobre animais de compañía;
- * correo electrónico; está chamado a substituí-lo correo convencional e mesmo o FAX;
- * soporte comercial; por pouco diñeiro unha empresa pode presenta-lo seu catálogo en todo o mundo;
- * tertulia; calquera pode entrar *en vivo* nos máis variados debates -chamados News-, e da-la súa opinión;
- * entretemento; permite acceder a gran cantidade de xogos;
- * substituto do teléfono; incorporando un micrófono ó ordenador xa se pode utilizar Internet para se comunicar de viva voz con todo o mundo ó custo dunha chamada local, aínda que con baixa calidade.

Todo está moi ben. Para entrar en Internet non é suficiente con ter un PC, un módem e unha liña telefónica. É preciso contrata-los servicios dun provedor (a ponte entre o usuario e a rede), que é ademais quen facilita o *software* ó cliente. Pero o que este quere antes de conectar é saber se terá esa seguranza que o inquieta aínda que, segundo os técnicos, unha instalación conectada a Internet e correctamente administrada non ten por que ocasionar ningunha incerteza ó respecto.

¿Será verdade todo o que nos din? Gustaríame sabelo, aínda que algunhas veces dou en pensar se nos ha servir de algo todo isto; pero outras creo que si, xa que pouco a pouco será unha prioridade para nós vivir e traballar nunha sociedade de información, anque xa estamos vivindo un período histórico de cambio tecnolóxico, consecuencia do desenvolvemento e da aplicación crecente das tecnoloxías da información e da comunicación (T.I.C.).

Dentro de moi pouco habemos de nos relacionar pola rúa cun ordenador portátil en vez de mirarnos e saudármonos. Para sabelo mellor, que vaian pasando os anos.



Por Luci Abaña

Vida e morte

Duas caras da mesma moeda

O debate arredor do que é a natureza humana non pode, nin debe converterse en cuestión de interese puramente científico, aínda que o contexto no que discorra o sexa, e isto porque o que está en xogo son problemas vitais.

A dignidade da persoa implica unha determinada concepción do ser humano, que se basea no recoñecemento do seu valor como tal, con independencia doutras consideracións sociais, morais, biolóxicas, espirituais...

Isto implica o recoñecemento da superioridade do home diante dos demais seres da natureza, a súa consideración como coroa da creación e á vez o situa nun plano de igualdade cos demais humanos: ningunha circunstancia interna ou externa, minusvalora a un home diante doutro.

O principio da calidade de vida require:

- 1º.- Que o individuo sexa capaz de soste-la súa propia experiencia vital e asumi-los seus propios actos.
- 2º.- Que manteña a súa capacidade de relación cos demais. É dicir, que teña o seu propio control.

Do mesmo xeito a dignidade que buscamos na morte pode atoparse na dignidade con que vivimos a nosa vida, polo que sería conveniente que os profesionais sanitarios, ante determinadas situacións patolóxicas, sopesasen concienzudamente a proposta terapéutica que pretendan realizar. Trátase de que fagan non só o que poidan facer en virtude do que lles permitan os progresos técnicos senón tamén o que deben facer á luz da ética profesional. Neste senso parece recomendable que se avalíen os proxectos de investigación, especialmente aqueles que poidan significar unha posibilidade de incrementa-lo o tempo da vida, en orde a valora-las súas repercusións naquelas situacións.

A razón desto non se atopa soamente na tecnificación referida, tamén está no interior do médico, nas súas motivacións inconscientes, no seu narcisismo profesional que ve en toda morte un fracaso e que non a acepta humildemente como parte da vida.

A morte pertence ó moribundo e ós que o aman. Aínda que manchada polos estragos da enfermidade non se debe permitir que ademais sufra a perturbación dos ben intencionados pero inútiles esforzos. Ás veces o éxito non xustifica o sufrimento.

Xa sabemos que non podemos agardar do médico que comprenda os nosos valores, a nosa natureza espiritual ou a nosa filosofía da vida. Non é para isto para o que se formou e no que nos pode axudar. Non é isto o que anima as súas cualidades intelectuais. Morrer con dignidade é morrer rodeado de cariño e apoio dos seres queridos, eliminando os síntomas molestos, sobre todo a dor, de morte natural, sen manipulacións innecesarias, aceptando a morte con serenidade e coa asistencia médica necesaria e o apoio espiritual se se desexa.

Quizais as condicións das nosas doenzas non nos permitan «morrer ben» ou con esa dignidade que buscamos con tanto optimismo, pero non desexariamos morrer máis tarde do necesario, simplemente pola absurda razón de que un campión da medicina tecnolóxica non comprenda quen somos.



Por M^a Victoria Becerra Sueiro

Loitar contra un xigante (1 Sam 17)

Estratexicamente situados en cadansúa aba de senllos montes, distanciados polo val, os dous exércitos inimigos, o de Xaúl e o dos filisteos, enfróntanse:

⁴Das ringleiras dos filisteos saía un home dos de choque que se chamaba Goliat, nado en Gat, de case tres metros de grande [...]¹

⁸Chantábase cara ás ringleiras do exército israelita e berraba: ->¿Por que vos dispondes todos para o combate? ¿Non son eu un filisteo e vosoutros os servos de Xaúl? Escollede un dos vosos e que baixe onda min».²



Fachendoso, o filisteo chantábase cara a Israel mañá e tarde durante corenta días, e ninguén ousaba.³ Pero David, que era un descoñecido pastor, vai onda os seus irmáns, que están na fronte de batalla, a lles levar un encargo do seu pai. Escolta o sucedido. Fai comentarios entre os soldados e o irmán máis vello trata de arredalo da súa fazaña.⁴

[...] ³¹Moitos oíron as palabras que dixera David e puxérono en coñecemento de Xaúl, quen mandou que o trouxesen onda el. ³²David díxolle a Xaúl: ->Ninguén se afixa por ese. O teu servo irá loitar contra ese filisteo». ³⁴David respondeulle: ->O teu servo é pastor das ovellas do seu pai. Se chega o león ou o oso e leva unha ovella do rebaño, ³⁵eu saio correndo detrás del, zóupoo e arríncolla da boca. Se el se repón contra min, agárroo polas queixadas e doulle, ata matalo. ³⁶O teu servo ten matado tanto leóns coma osos. Ese filisteo incircunciso será coma outro deles, por desafia-las hostes do Deus vivo». ³⁷E David engadiu: ->O señor que me librou das gadoupas do león e do oso, hame librar tamén das mans dese filisteo». Xaúl díxolle: ->Vai e que o Señor vaia contigo».

Xaúl quere equipar coa súa propia roupa de xefe guerreiro a David, pero...

[...] ³⁹David tratou de camiñar, pero non estaba afeitado a iso e díxolle a Xaúl: ->Con isto non podo camiñar porque non estou afeitado». E quitou todo de encima. ⁴⁰Despois colleu o seu caxato, escolleu cinco pelouros do regato e meteunos no seu foleco; e coa fonda na man, chegouse onda o filisteo. ⁴¹O filisteo, da súa parte, adiantouse tamén cara a David, precedido do seu escudeiro. ⁴²Axiña que o filisteo mirou e viu a David, desprezouno, pois non era máis ca un rapaz, louro e fermoso. ⁴³E berroulle: ->¿Seica son eu un can, para que veñas cara a min cunha caxata?» E maldiciu a David no nome dos seus deuses»⁵

E velaquí o desenlace de tan desigual loita:

[...] ⁴⁸O filisteo levantouse e adiantouse cara a David, mentres David saía correndo das ringleiras ó encontro do filisteo. ⁴⁹David meteu a man no seu foleco, sacou un pelouro, disparouno coa fonda e acertoulle na testa e el caeu de fociños na terra. ⁵⁰David derrotou ó filisteo coa fonda e co cantazo. Feriuno e matouno sen espada. ⁵¹Despois David foi correndo, botouse no filisteo, arrincoulle a espada da vaíña e rematouno, cortándolle con ela a cabeza. Cando viron morto o seu xefe, os filisteos saíron correndo.

E o pequeno pastor entrou no exército de Xaúl.

NOTAS:

¹ O texto presenta a este xigante totalmente acoirazado, cuberta de bronce a cabeza, o peito, as pernas e as costas. Medía 2 metros 80. Vai haber un combate desigual. Deste fermoso relato existe unha variante no segundo libro de Samuel, capítulo 21. Alí non é David, senón un home do seu exército, Elhanán de Belén, quen matou a Goliat.

² Nunca na Biblia aparecera este costume filisteo dun combate singular -dun home contra outro-, que decidise a victoria. A ese loitador individual os filisteos chamábanlle algo así coma «home que loita no medio», que traduciron mal por xigante.

³ O carácter lendario do relato levou a alguén a falar dun mito relativo ás estacións do ano: a xove primavera que domina o inverno, significa a leda primavera representada por David e Israel, o cruel inverno por Goliat e os filisteos. Non é preciso ir tan lonxe e na literatura universal abundan os exemplos de xigantes vencidos por homes insignificantes.

⁴ Con esta, temos tres tradicións sobre David: a que o facía un rei clandestino consagrado por Samuel 1 Sam 16, 1-13); a que o facía un músico ó servizo de Xaúl, que parece a mellor, a máis antiga e de maior probabilidade (1 Sam 16, 14-23); estoutra na que o rei Xaúl coñece a David polo triunfo deste sobre o xigante. E, sen embargo, esta é a máis coñecida popularmente.

⁵ Evidentemente, estamos nunha loita entre deuses, da que sairá victorioso Iavé, e iso ben significado pola desproporción das estaturas humanas e das armas, así coma pola fachenda do filisteo e a humildanza de David.

Entre o cero e o infinito, o corazón



Mariano Guizán

Cuando un amigo se va, queda un espacio vacío que no lo puede llenar la llegada de otro amigo.
(Alberto Cortez)

Hei confesar que non acabo de dar concordado con quen quera que teña por costume absolutizar ou dogmatizar; posiblemente, eu mesmo.

Mais, é curioso, verdade. Mantemos: *todo é relativo*. E xa estamos a nos chimpár de cabeza na poza das contradicións. Outro tanto, se pensamos: *ninguén é imprescindible; non hai ningúen insubstituíble*.

Xa que logo, quizais será máis propio outro xeito de falar, poñamos por caso: *convén relativiza-las cousas; hai persoas que resultan imprescindibles, e, se cadra mesmo algunhas poden rematar por facerse insubstituíbles*.

Eduardo Haro Tecglen, escritor e colaborador a diario do xornal *El País*, que adoita botar man con moita intelixencia da práctica relativizadora, escribía aí atrás:

«Non sei se é intercambiable. Contra os dictados do capitalismo nunha das súas frases máis crueis, cando mantén que non hai ningúen insubstituíble, pódese dicir que o somos todos: trazamos unha época, aínda que só sexa nas nosas casas, no bar ou na transferencia ós nenos dos nosos vellos erros. Mesmo no traballo, onde o xefe nos despreza: ningúen o ha facer coma nós».

(Cavilación que tiña como pretexto a morte do actor Marcello Mastroianni: *El País*, 21/12/96).

«Morreu ós noventa e catro anos e, coma todas estas grandes mortes, coma todos estes homes únicos o que se perde é irrecuperable» (Matinaba, a propósito do pasamento do lingüista Joam Corominas, en *El País* do 4/1/97).


Ha ser ben, entón, que relativicemos. Pois, velaí se non, que ata a comunicación, que en si mesma é un fenómeno complexo, rico e enriquecedor, acaba moitas veces por se ver esquematizada, empobrecida, enguedellada en lerias extemosas. (Que, de facerlle caso a Pascal, empequenecen calquera asunto, xa que *«non se amosa a grandeza situándose nun extremo, senón*

tocando ámbolos dous ó mesmo tempo»).

O caso é que, non hai moito, lía eu un artigo que, dunha maneira cáseque excluínate, concluía na absoluta superioridade comunicadora da palabra sobre a imaxe. Pero, ¡boh!, tanto ten, pois noutras ocasións, por aquilo de que *«vale máis unha imaxe ca mil palabras»*, teño lido argumentacións á contra coa mesma convicción.

E digo que tanto ten porque penso que, se tales reduccionismos podes ter sitio na comunicación de masas (o mundo mediático deu nun caixón de xastre onde, polo visto, cabe calquera cousa) quedan fóra de lugar na comunicación cordial, na relación cálida entre persoas concretas, onde, tanto a palabra coma a imaxe, non son máis ca partes dun proceso que pon en xogo toda a complexidade de sensacións e de emocións das que os humanos somos quen; dende a lembranza dun riso ata a evocación dun recendo, o pracer gorentoso dun xantar compartido, ou a conmoción táctil producida pola aperta do amigo.

O CARRABOXO por JOSÉ LOIS



O gozo do monte

Resumo da segunda xuntanza da pasantía teolóxica

O pasado día 30 de novembro reuniuse a segunda Xuntanza da Pasantía teolóxica, á que asistimos unhas 35 persoas, moitas delas representantes de grupo. Case todas eran caras coñecidas, aínda que tamén houbo persoas que viñan a unha xuntanza da Pasantía por primeira vez.

Comezamos con certo atraso sobre o horario orixinal, porque a néboa e o mal tempo fixo que algúns de nós chegasemos tarde, e incluso que algún outro non puidese chegar ata a tarde.

A sesión da mañá adicouse a falar da marcha dos grupos, da forma de traballo, das dificultades dos comezos e xuntanzas, das relacións dos grupos coa Pasantía... Pero, vaiamos por partes.

O primeiro a salientar é que tras un relato, somos unhas 114 persoas, traballando e facendo teoloxía sobre o libro «Papeles confidenciales de S.S. Juan Pablo III», de Francisco de Juanes.

Lugo: Grupo de 14 personas.

Coruña: Grupo I, 12 p. en torno ós Salesianos.

Grupo II: 23 p.

Pontevedra: 1 matrimonio.

Vilagarcía: 3 p., de momento.

Narón: Grupo I: «O Val», 11 p.

Grupo II: «Piñeiros»: 13 p.

Santiago: Grupo I: 8 p. en torno ás parroquias do Castiñeiriño e San Bieito.

Grupo II:

10 p., o grupo de «Cristiáns na Sociedade».

Grupo III: 4 p.

Unha persoa, que quere en principio traballar soa.

Pontecaldelas: 12 p., que nos falan por medio de Mercedes e ós que saudamos cunha forte aperta, porque non puideron vir á última xuntanza.

Ourense: Non sabemos se o grupo comezou a traballar.

Madrid: Pasa o mesmo que co grupo de Ourense. No caso de que comezarades xa o traballo, comunicádeo canto antes, e igualmente unha aperta para todos.

A avaliación das pasantías foi moi positiva. A xente comezou a traballar con moita ilusión, e a impresión xeral do libro é moi boa, a pesar de que a algúns non se lle fai doada a lectura pola complexidade das frases.



Os Sábados Bíblicos en Bastavales van adiante. O de xaneiro rematou en festa coa actuación de Josefa, veciña de Bemil (Bastavales), que aparece na nosa portada tocando a pandeireta. O Sábado Bíblico de febreiro será o día 15, ás 11 da mañá.

A lentitude dos comezos, as dificultades de harmonizar xente heteroxénea, fixo que nos grupos non se traballase máis que o primeiro capítulo, e moitos non chegaron a rematalo, polo que se decidiu que neste boletín non se incluíran máis guierios de capítulos.

Púxose de releve a importancia do boletín como guieiro aínda que algún non traballa directamente con el, pero a maioría viuno imprescindible para aproveitar ó máximo o libro. É importante que se resaltou a outra función do boletín, máis válida se cabe cá de gueiro: a función de intercomunicador entre os grupos, das experiencias e dificultades do traballo, aínda que aínda isto non se dera moito nas Diásporas xa publicadas. Esta función depende de que alguén de cada grupo se encargue de escribir de cando en vez para compartir con todos; como dixera un de nós «a produtividade do boletín está na participación». Animámosvos a tódolos grupos a facer unha carta de presentación e resumo do que levades traballado. Resaltouse a conveniencia de incluír nos guieiros dos capítulos preguntas como as que apareceron no nº 1, no senso de facer memoria histórica persoal a compartir, que

sirva de alicerce forte sobre o que construír ideas.

Respecto o traballo, as experiencias son varias. Hai algún que traballa por separado, e só asiste as xuntanzas, e ten pensado escribir á Diáspora. Outros len e reflexionan por separado (o matrimonio de Pontevedra), aínda que comentan algo en común. Dentro dos grupos hai algún que se formou «ex novo» e outros que teñen reunións (a maiores das dos seus grupos primitivos) para tratar da Pasantía, como os grupos de Coruña II e o de Santiago II.

Varios deles manifestaron que toman acta das reunións para poder ter un resumo que lles sirva de introducción nas seguintes xuntanzas e díxose que de paso podería servir para face-los escritos para mandar ó boletín e compartir así todos con todos.

A sesión da tarde adicouse ás conclusións. Acordouse que ás persoas que aínda non se puxeran en contacto coa Diáspora, se lles dera aviso de que deberiamos ter novas deles na maior brevedade posible, para sabe-los que estamos a traballar neste proxecto. Do diñeiro tamén se falou e díxose que chegaría ata a próxima xuntanza, mais alí falaríase dunha aportación para financiar fotocopias e franqueos. Para economizar, o boletín mandarase (a partir do número 4) soamente ó encargado de cada grupo que o repartirá logo.

Ó resto, polo que os grupos que non deran o nome do seu secretario/a que llo comuniquen a Sagrario en canto poidan. Falouse ademais de deixar A Diáspora nun lugar na Coruña, para que a xente que o queira recoller alí poida facelo.

A próxima xuntanza acordouse para a data do 22 de Febreiro, en principio no Centro Europeo de peregrinacións do Monte do Gozo, onde xa fora a II xuntanza.

Se neste resumo non se inclúen algunhas das aportacións que fixerades na xuntanza e queredes saientalas escribideas na próxima comunicación á Diáspora. Para manda-las vosas comunicacións poñedeos en contacto con:

Sagrario Fachal Veiga,
Médico Durán, 2-4, 4ºE

15005 A Coruña - Telfn: 981 26.84.74.

A próxima xuntanza da Pasantía terá lugar o sábado 22 deste febreiro ás 11 da mañá no Centro Europeo de Peregrinacións situado no Monte do Gozo.

Ditos sobre a muller

Algunhas vellas máis

¡Que importantes son as vellas na nosa tradición! Tanto que teñen santo propio, lembren:

San Antonio de Amaranto

casamenteiro das vellas:

¿Por que non casa-las mozas?

¿Que mal che fixeron elas?

Así son de importantes as vellas na nosa fraseoloxía e por iso ben merecen que lles dediquemos unhas liñas máis. Pena que na maioría dos casos non saen nada ben paradas.

Imaxinen o mérito do referente cando nos atopamos con exemplos coma **Bota-las contas da vella** por precipitarse, actuar sen ter fundamentos, ou **Ser contos de vellas** que vén indicarnos unha cousa sen valor, mesmo no refrán *Non fíes de consellas que son contos de vellas*, ou **Por un pelo dunha vella**, isto é, por nada, por pouca cousa. Esa pequena cantidade é a que nos

suxire tamén a seguinte expresión, aínda que a primeira vista non o pareza; **¡Tanto é o que a vella leva!**, xa que coa mesma se quere indicar que é pouca a ganancia ou o proveito, fundamentada en que unha vella pouca carga pode levar.

E, por se isto non fose abondo, **Haber unha vella morta** dise dun punto dunha estrada na que hai un burato que, por máis que o remenden, sempre reaparece; e **¡Caeu unha vella no lume!** úsase cando cheira ben a comida, sobre todo a do veciño, especialmente cando cheira a torresmos asados.

Quizais non teña connotacións de ningún tipo o **Arco da vella**, **Circo da vella**, **Barco da vella** ou **Risco da vella**.

Tódolos ditos que aparecen no texto proceden do Corpus de Fraseoloxía Galega do Centro de Investigacións Lingüísticas de Literarias «Ramón Piñeiro».



En Bemil (Bastavales), os bíblico-irimegos escoitan, ledos, a pandeireta de Josefa. O próximo Sábado Bíblico será o 15 de febreiro.

1. O número cincocentos de Irimia, a nosa revista, xa está en marcha e ante ela ninguén hai que se resista.
2. Dezaseis anos botando este cantar do irimego sen faltar nunca a cita coa cantarela dun crego.
3. Sen faltar nunca a cita cómpre ser ben precisado: nunca o Cantar faltou cando foi solicitado.
4. Velaquí cinco estrofiñas do número que foi Cero: setembro do 81
¿Lembra o irimego? Espero:
5. *Con este cantar de cego Irimia sae algo tarde pro con tempo, que Galicia está a se poñer...que arde.*
6. *Arden os montes no vran que non os dan apagado. ¿Como non vai haber lume se é que estamos chamuscados!*
7. *Agora, dende Madrid deixan facer Parlamento; coidadiño cos caciques, non nos amolen o invento.*
8. *Seica este vran a Galicia viñeron varios ministros. ¿Virían a pescar votos ou só a comer marisco?*
9. *Con iso da autonomía oxalá Galicia medre. Galegos: imos votar ¿Por nosoutros que non quede!*
10. Así cantaba o irimego no inicio da democracia; hoxe pode repetir o mesmiño, por desgracia.
11. Vaise contentando a xente pois para seguir camiño abonda coa ter vontade e un chisco de pan e viño.
12. Ti, lector desta revista que agora é quincenal envía a túa carta se non che parece mal.
13. E se ti es esa persoa que da revista estás farta, farás ben se non te privas de enviare unha carta.
14. Isto di o Irimigo porque sabe ben que andan recadando a opinión os que serven, ¡que non mandan!.